

# ORDENANZA FISCAL NÚM. 4, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS, INSTALACIÓNS E OBRAS

## ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E RÉXIME

No uso das facultades conferidas pola Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, e dacordo co previsto no artigo 59.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, o Concello de Ortigueira establece o Imposto sobre Instalacións Construcións e Obras.

Dito imposto rexerese polo disposto nos artigos 10 a 103 do TRLRFL, polas disposicións que o desenvolvan e pola presente ordenanza fiscal.

## ARTIGO 2º .-FEITO IMPOÑIBLE

1.-De conformidade co previsto no artigo 100 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, constitúe o feito imponible do imposto, a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non a dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda a este Concello.

## ARTIGO 3.º .-SUXEITOS PASIVOS

1.-Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas ou entidades á que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior terán a consideración de dono da construción, instalación ou obra, quen soporte os gastos ou o custo que comporta a súa realización.

Para o suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou os que realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota satisfeita.

## ARTIGO 4.º .-BASE IMPOÑIBLE

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o imposto sobre o valor engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións

patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

#### ARTIGO 5.º .-COTA TRIBUTARIA E DEVENGO

1.-A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

2.-O tipo de gravame será o 4 por 100.

3.-O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando no se obtivera a correspondente licenza ou non se houbera presentado por parte do interesado a correspondente de declaración responsable ou comunicación previa.

4.- En todos os casos a base imponible determinarase en función dos módulos para o cálculo simplificado dos orzamentos de execución material das obras, construcións e instalacións que se determina no anexo desta Ordenanza, agás que o orzamento de execución material presentado polo promotor sexa superior ao que resulte a aplicación de ditos módulos en cuxo caso terase en conta aquel para determinar a base imponible

#### ARTIGO 6.º .-XESTIÓN E LIQUIDACIÓN DO IMPOSTO

6.1.- Construcións, instalacións e obras para cuxa realización se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

Establécese o réxime de autoliquidación do imposto para o suposto de realización de construcións, instalacións e obras para as que se esixa declaración responsable ou comunicación previa. Nestes supostos os suxeitos pasivos están obrigados a presentar a autoliquidación no modelo facilitado pola Administración, xunto co xustificante de ter ingresado nas contas municipais a cota resultante, no momento de presentación da comunicación previa ou declaración responsable, ou no seu defecto, no prazo de 15 días hábiles dende a data da dita comunicación.

Cando non se teña presentado comunicación previa ou declaración responsable, a autoliquidación e o xustificante de ingreso, presentarse no prazo de 15 días hábiles dende o inicio da construción, instalación e obra.

O importe a autoliquidar será o resultado de aplicar o tipo de gravame á base imponible.

O servizo encargado da tramitación dos expedientes determinará posteriormente a correcta determinación da base imponible, procedendo á confección dunha liquidación complementaria cando o a base imponible así determinada sexa maior á declarada polos suxeitos pasivos.

6.2.- Construcións, instalacións e obras para cuxa realización se esixa a obtención de licenza de obra ou urbanística

Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando non se solicítase, concedese ou denégase aínda a devandita licenza preceptiva, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base imponible en función dos informes dos técnicos municipais baseados nos módulos contemplados no Anexo desta Ordenanza.

6.3.- Cando se modifique o proxecto de construción, instalación ou obra, e supoña unha variación no orzamento de execución material, unha vez aceptada a modificación pola administración municipal, practicarase liquidación complementaria esixindo ou reintegrando, segundo supoña variación á alza ou á baixa, o importe resultante da diferenza entre ambas liquidacións.

6.4.- No suposto de que non se inicien as construcións, instalacións e obras, o interesado terá dereito á devolución das cantidades que no seu caso tivera satisfeitas en concepto de imposto sobre instalacións, construcións e obras, sempre e cando formule renuncia expresa á licenza, ou sexa declarada a caducidade mediante resolución administrativa e solicite devandito reintegro nos prazos establecidos regulamentariamente. Do mesmo xeito terá dereito á devolución do ingresado logo da renuncia expresa á realización da obra nos supostos de presentación dunha comunicación previa ou declaración responsable.

6.5.- Unha vez rematada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva a que se refire o apartado primeiro practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo o suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

6.6.- En calquera caso as devolucións, cando procedan, axustaranse ao procedemento establecido para as devolucións de ingresos indebidos.

6.7.- Cando os suxeitos pasivos non teñan efectuado o pagamento da correspondente liquidación polo imposto, nos prazos establecidos na presente ordenanza, seguirase a vía de constrinximento, para os efectos de recadar as cotas tributarias resultantes.

## ARTIGO 7.º .-EXENCÓNS, REDUCCIÓNS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

### I) Bonificacións:

Establécense as seguintes bonificacións:

A) Aquelas construcións, instalacións ou obras, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego poderán gozar da bonificación da cota do imposto nos termos que para cada caso se sinalan nos apartados seguintes:

Descrición	Porcentaxe
A.1.- Obras de acondicionamento, rehabilitación, ampliación ou de nova construción de locais de negocios abertos ao público, e que impliquen o mantemento ou creación de ata vinte postos de traballo estable	50%
A.2.- Obras de acondicionamento, rehabilitación, ampliación ou de nova construción de locais de negocios abertos ao público, e que impliquen o mantemento ou creación de máis de vinte postos de traballo estable	80%
A.3.- Obras de acondicionamento, rehabilitación, ampliación ou nova construción de instalacións e infraestruturas vinculadas a actividades industriais, e que impliquen o mantemento ou creación de ata dez de postos de traballo	70%
A.4.- Obras de acondicionamento, rehabilitación, ampliación ou construción de instalacións e infraestruturas vinculadas a actividades industriais, e que impliquen o mantemento ou creación de once a vinte postos de traballo	80%

A.5.- Obras de acondicionamento, rehabilitación, ampliación ou construción de instalacións e infraestruturas vinculadas a actividades industriais, e que impliquen o mantemento ou 95% creación de máis de vinte postos de traballo

A.-6 .- En casos de excepcional interese publico o Pleno da Corporación poderá acordar, por outros motivos sociais, culturais e históricos artísticos a declaración e concesión dunha 95% bonificación de hasta

1. A declaración e a bonificación correspondente será aprobada polo Concello Pleno, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

2. O presente réxime de bonificacións non será aplicable simultaneamente, debendo estarse ao suposto de maior contía de bonificación para o caso no que se produza mais de unha circunstancia susceptible de dar lugar ás mesmas para un único feito imponible.

3. A actividade orixe da bonificación deberá iniciarse no prazo máximo de seis meses, a contar desde a finalización das correspondentes obras, e deberá ser mantida, ao igual que os postos de traballos que se tiveron en conta para fixar a porcentaxe, por un período de cinco anos contados dende a aprobación da declaración e bonificación ou dende o inicio da actividade si este fose posterior.

4. Para obter a bonificación será necesario que se solicite polo suxeito pasivo, o que deberá efectuarse antes do prazo de tres meses dende a notificación da aprobación da liquidación do ICIO, presentado xunto coa solicitude a seguinte documentación:

-Memoria xustificativa da actividade acompañada dos documentos acreditativos das circunstancias que poden dar orixe a declaración de interese social ou utilidade municipal e a correspondente bonificación regulada no apartados anteriores

-Compromiso de manter a actividade e, no seu caso, os postos de traballo por o período de cinco anos establecido na presente Ordenanza, e sometemento das actuacións de comprobación, a efectuar polo Concello de Ortigueira, tendentes á verificación das circunstancias que xustificaron a bonificación, a cuxo efecto autoriza expresamente á Entidade local a entrada aos edificios, construcións, instalacións e obras correspondentes.

-Certificación acreditativa de non haber sido incoado expediente de reposición da legalidade urbanística e /ou por infracción urbanística relacionado coas obras para as que se solicita a bonificación

-Xustificante de non ter débeda pendente co Concello de Ortigueira e de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e da seguridade social.

6.- Serán causas de perda da bonificación

-Non comezar o exercicio da actividade que xustifica a bonificación nen manter a mesma durante os períodos de tempo establecidos no punto 3 deste apartado

-Non manter ocupados o número de postos de traballos que se tiveron en conta para a aprobación da bonificación. Entendese que os postos de traballo deberán manterse no centro de traballo vinculada as instalacións, infraestruturas ou obras para a que se obtivo a bonificación

7- A perda da bonificación dará lugar ao reintegro da mesma por parte do perceptor así como a existencia do interese legal de demora. A tal fin, dito reintegro e interese terá o carácter de

ingresos de dereito público e se esixirán e liquidarán polo procedemento previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

B.- Unha bonificación do 50 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras referentes á vivendas de protección oficial.

1.- Esta bonificación deberá ser solicitada polo suxeito pasivo para o que deberá acompañar a solicitude:

-Declaración de protección oficial das vivendas expedida polo organismo competente

-Certificación acreditativa de non haber sido incoado expediente de reposición da legalidade urbanística e /ou por infracción urbanística relacionado coas obras para as que se solicita a bonificación

-Xustificante de non ter débeda pendente co Concello de Ortigueira e de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e da seguridade social.

2.- Previa comprobación do cumprimento dos requisitos acordarase, no seu caso, a devolución do importe correspondente mediante Decreto da Alcaldía.

3.- Esta bonificación non será aplicable si se houberse acordado algunha das reguladas no apartado A.

4.- Será causa da perda da bonificación a perda da declaración de protección oficial

5.- A perda da bonificación dará lugar ao reintegro da mesma por parte do perceptor así como a exixencia do interese legal de demora. A tal fin, dito reintegro e interese terá o carácter de ingresos de dereito público e se esixirán e liquidarán polo procedemento previsto no Regulamento Xeral de Recadación

II.- Exencións.

Está exenta do pagamento do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que estando suxeita ao imposto, vai ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación

#### ARTIGO 8.º.-INSPECCION E RECADACIÓN

A inspección e recadación do imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras de materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento

#### ARTIGO 9.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como a determinación das sancións que por estas correspondan en todo caso, será aplicable, segundo o dispón o artigo 11

do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a regulación contida na lei 58/2003, xeral tributaria e demais disposicións que a complementen e a aplicárase o réxime regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e a desenvolven.

## ARTIGO 10

No non expresamente previsto na presente ordenanza, rexerán os preceptos contidos na subsección 5.ª da sección 3.ª, do capítulo II, do título II do TRLRFL, concordantes e complementarios desta, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como disposicións distadas para o seu desenvolvemento.

## DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

## DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas

## ANEXO

### APARTADO A. DEFINICIONS E CÁLCULO SIMPLIFICADO DOS ORZAMENTOS DE EXECUCION PAATERIAL PARA OBRAS MAIORES

#### A.1 Módulo Básico: Mb

$Mb = 575\text{€}/\text{m}^2$ .

#### A.2 Coeficiente de Tipoloxía edificatoria: Ct

- En edificios de nova planta ou adición:

Ct = 1,20 para edificación illada.

Ct = 1,10 para edificación en fileira ou aberta de vivenda colectiva, sotos e semisotos.

Ct = 1,00 para edificación en mazá pechada.

- En obras de rehabilitación, reforma ou demolición:

Ct = 1,20 para rehabilitación ou reforma xeral.

Ct = 1,00 para rehabilitación ou reforma parcial (afectando a menos da metade da superficie construída total).

Ct = 0,50 para rehabilitación ou reforma que afecte soamente o a elementos estruturais, instalacións ou acabados.

Ct = 0,35 para rehabilitación ou reforma de fachadas o substitución de cerramientos.

Ct = 0,05 para demolicións e derrubamentos s de edificio completo (coeficiente de uso = 1).

A.3 Coeficiente de Uso da edificación: Cu

Cu = 1,20 para uso terciario, de equipamiento ou dotacional en xeral.

Cu = 1,10 para uso residencial de vivenda.

Cu = 1,00 para uso residencial de vivenda con protección pública.

Cu = 0,80 para uso comercial e industrial con proceso produtivo.

Cu = 0,60 para uso industrial sen proceso produtivo.

Cu = 0,40 para uso agropecuario complementario ao residencial, rocho, almacén, garaxe, soportais e terrazas.

Cu = 0,25 para uso agropecuario e piscinas privadas.

Cu = 0,05 urbanización adscrita a edificación, tratamento espazos exteriores e análogos.

A.4 Superficie construída: Sc

Sc = Superficie construída segundo o uso predominante da mesma ou parte dela.

A.5 Presuposto de Execución Material segundo o Módulo Básico: PEMb

$PEMb = Mb \times Ct \times Cu \times Sc$

## APARTADO B. DEFINICIONES e CÁLCULO SIMPLIFICADO DOS PRESUPOSTOS DE EXECUCIÓN MATERIAL PARA OBRAS MENORES

B.0 Obras Menores.

Se considerarán como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica que no supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común o do número de vivendas e locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade o seguridade dos edificios ou instalacións de toda clase.

En ningún caso se entenderán como tales as parcelacións urbanísticas, os muros de contención, as intervencións en edificios declarados bens interese cultural ou catalogados e os grandes movementos de terra.

B.1 Peches de Fincas:

Peche cego de bloque revestido 54,70 €/m<sup>2</sup>

Peches cegos de pedra

Taco xunta seca 126,90 €/m<sup>2</sup>

Taco xunta con morteiro 117,30 €/m<sup>2</sup>

Mampostería de granito 229,75 €/m<sup>3</sup>

Peches cegos de formigón revestido 156,90 €/m<sup>2</sup>

Peches de contención de formigón armado 224,00 €/m<sup>2</sup>

Postes e malla exclusivamente 17,40 €/m

Peches de postes e malla

Con zapata 46,90 €/m

Con zapata e fila de bloque de formigón revestido 57,70 €/m

Peches de postes e

Celosía de formigón 42,30 €/m<sup>2</sup>

Lamas de aluminio 44,10 €/m<sup>2</sup>

B.2 Demolicións parciais

Demolición de tabiquería interior 4,35 €/m<sup>2</sup>

Demolición de entaboados de forxado de madeira 20,40 €/m<sup>2</sup>

Desmontaxe de cuberta

De lousa ou fibrocemento 7,30 €/m<sup>2</sup>

De tella 8,00 €/m<sup>2</sup>

Desmontaxe de armazón de cuberta 20,50 €/m<sup>2</sup>

Demolición de pavimento

De baldosa 8,60 €/m<sup>2</sup>

De empedrado 20,95 €/m<sup>2</sup>

De tarima 10,85 €/m<sup>2</sup>

Picado de recebo de cemento

Paramento vertical 7,20 €/m<sup>2</sup>



Paramento horizontal 11,50 €/m<sup>2</sup>

Levantado de mobiliario de cocina 23,00 €/m<sup>2</sup>

Levantado de sanitarios

Bañeira 23,65 €/ud

Inodoro o Lavabo 11,85 €/ud

Ducha 17,00 €/ud

Desmontase de radiador e accesorios 6,70 €/ud

B.3 Cubertas:

Cubrición con tella 29,70 €/m<sup>2</sup>

Cubrición con lousa 28,10 €/m<sup>2</sup>

Cuberta de pranchas metálicas (aceiro galvanizado ou similar) 32,55 €/m<sup>2</sup>

Formación de pendente

(tabiques palomeros e viguetas pretensadas de formigón) 9,45 €/m<sup>2</sup>

Caneiro de PVC 18,30 €/m

Caneiro de aluminio 26,90 €/m

Baixante de PVC 25,65 €/m

B.4 Remates de Fachada:

Pintura exterior plástica 5,45 €/m<sup>2</sup>

Recebo exterior impermeable 13,10 €/m<sup>2</sup>

Revoco de morteiro monocapa 22,30 €/m<sup>2</sup>

Chapado de pedra (granito nacional) 97,95 €/m<sup>2</sup>

Rexuntado con morteiro de cemento de fábrica de mampostería 25,90 €/m<sup>2</sup>

Rexuntado con mortero de cemento de fábrica de sillería 23,40 €/m<sup>2</sup>

Limpeza de fachada 12,10 €/m<sup>2</sup>

Limpeza de fachada con chorro de arena ou auga 18,10 €/m<sup>2</sup>

Verteaugas de formigón 22,75 €/m

Lintel de pedra 78,00 €/m

B.5 Carpintería Exterior (incluso Acristalamento):

Pintura e restauración de carpintería exterior 19,35 €/m<sup>2</sup>

Carpintería de madeira (abatible) 185,85 €/m<sup>2</sup>

Carpintería de madeira con barrotillos para vidros (abatible e fixa) 252,45 €/m<sup>2</sup>

Carpintería de aluminio (ou aliaxes lixeiras) 226,35 €/m<sup>2</sup>

Porta de acceso de aluminio para panelar 461,60 €/ud

Apertura de oco para colocación de venta 89,35 €/m<sup>2</sup>

B.6 Remates Interiores:

Porta de paso interior 189,60 €/ud

Porta exterior de madeira maciza ou de seguridade 704,00 €/ud

Varanda de aceiro

Horizontal 67,84 €/m<sup>2</sup>

Inclinada 165,05 €/m<sup>2</sup>

Varanda de forxa 202.85 €/m<sup>2</sup>

Pavimento de granito nacional 72,25 €/m<sup>2</sup>

Tarima flotante de madeira 89,10 €/m<sup>2</sup>

Pavimento cerámico 35,10 €/m<sup>2</sup>

Pavimento de terrazo 25,68 €/m<sup>2</sup>

Azulexo ou monococión 18,30 €/m<sup>2</sup>

Tabique de ladrillo totalmente acabado dúas caras 52,20 €/m<sup>2</sup>

Tabique de bloque de formigón totalmente acabado dúas caras 50,10 €/m<sup>2</sup>

Falso teito de escaiola lisa 13,00 €/m<sup>2</sup>

Persiana de PVC 139,70 €/m<sup>2</sup>

B.7 Obras dirixidas a garantir condicións Hixiénico-Sanitarias e de Habitabilidade:

Instalación de saneamento. Baño Inodoro de tanque baixo 157,15 €/ud

Desaugadoiros de baño completo (lavabo, inodoro, bidé e bañeira) 208,65 €/ud

Instalación saneamento cocina desaugadoiros e lavadouro

(vertedeiro, lavalouza , lavadora e lavadouro) en PVC 204,65 €/ud

Instalación de fontanería en cocina e baño

(de auga fría e quente) en PVC 473,90 €/ud

Pozo de auga potable

De barrena 1884,20 €/ud

Artesán 2,479,20 €/ud

Instalación de equipos sanitarios. Calidade media.

Baño con inodoro, lavabo e bidé 867,35 €/ud

Baño con inodoro, lavabo, bañeira e bidé 1325,55 €/ud

Aseo con inodoro e lavabo 581,95 €/ud

Tubaria de PVC sanitaria Diámetro 50 mm (semiempotrada) 10,10 €/m

Baixante de PVC de residuais Diámetro 125 mm 29,50 €/m

Depósito de auga 413,30 €/m<sup>3</sup>

Quentador de auga (por cada 100 L) 412,30 €

B.8 Varios, Urbanización e xardinaría

Limpeza de terreo

Medios manuais 3,25 €/m<sup>2</sup>

Medios mecánicos 0,85 €/m<sup>2</sup>

Retirada da terra vexetal

Medios manuais 22,95 €/m<sup>2</sup>

Medios mecánicos 2,55 €/m<sup>2</sup>

Tallado e destocnado de árbore

Diámetro de 15-35 mm 21,55 €/ud

Diámetro de 35-60 mm 58,05 €/ud

Recheo e compactado hasta 2 m 2,25 €/m<sup>3</sup>

Escavación e valeirado por medios mecánicos

Terreo compacto 5,50 €/m<sup>3</sup>

Terreo rochoso 17,28 €/m<sup>3</sup>

Desmonte con retroescavadora e carga de

Terreo frouxo 1,45 €/m<sup>3</sup>

Terreo compacto 2,30 €/m<sup>3</sup>

Transporte de terras a vertedoiro(10 Km) 1,80 €/m<sup>3</sup>

Soleira de formigón 24,67 €/m<sup>2</sup>

Reposición de beirarrúas 30,25 €/m<sup>2</sup>

Beirarrúa e base. Lousa hidráulica 33,55 €/m<sup>2</sup>

Bordo de formigón prefabricado 17,45 €/m

Pavimento continuo de formigón 25,25 €/m<sup>2</sup>

Pavimento de lastros de granito 51,55 €/m<sup>2</sup>

Impermeabilización

Lámina de PVC 15,75 €/m<sup>2</sup>

Lámina bituminosa 7,55 €/m<sup>2</sup>

Lámina de betume con elastómeros 11,80 €/m<sup>2</sup>

B.9 No suposto de que unha construción, instalación ou obra non encontre un encadre directo nos anteriores tipos, aplicaráselle o prezo medio que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste anexo ou na base de datos da construción de Galicia aprobada polo Instituto Tecnolóxico de Galicia.

B.10 Os módulos anteriormente citados serán incrementados anualmente segundo o IPC.